

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA DESENVOLVER ESTUDOS DE RESULTADOS EN SAÚDE PARA A MELLORA DA CALIDADE ASISTENCIAL EN GALICIA

Santiago de Compostela, 09 de xullo de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, **don Jesús Vázquez Almuíña**, conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita Consellería, actuando en nome e representación deste último, de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia, cos Decretos 41/2013 e 43/2013, de 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, **don Antonio López Díaz**, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación da Universidade en virtude do seu nomeamento polo Decreto 57/2018, do 31 de maio, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Doutra parte, **don Manuel Joaquín Reigosa Roger**, reitor magnífico da Universidade de Vigo, que actúa en nome e representación da Universidade en virtude do seu nomeamento polo Decreto 59/2018, do 31 de maio, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e do Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo.

Ambas partes recoñécense con capacidade legal para obrigarse a subscribir este convenio, e para estes efectos

MANIFESTAN

- I. De conformidade co previsto no artigo 92 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase como organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, creado por Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia. O artigo 94 da mesma Lei contempla entre as súas funcións a promoción da investigación en ciencias da saúde, no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais, así como o desenvolvemento de programas de calidade e mellora da práctica clínica e de mellora de xestión.

Por outra parte, o artigo 136 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, prevé, no ámbito da coordinación interdepartamental da atención sociosanitaria, que a Consellería de Sanidade fomentará actuacións integrais sociais e sanitarias ante aquelas circunstancias nas que a cooperación implique vantaxes sociais e asistenciais.

- II. Así mesmo, a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención da enfermidade e a atención sanitaria. A súa finalidade é impulsar, planificar, coordinar e avaliar as actuacións levadas a término para mellorar o proceso de atención e, isto, coa implicación de todos os axentes do sistema de saúde.
- III. A Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) e a Universidade de Vigo (en adiante UVigo) son dúas Institucións públicas dotada de personalidade xurídica propia, que asumen e desenvolven as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico en numerosos campos e, en particular, en Ciencias e

Tecnoloxías aplicadas á Saúde. Entre outras funcións asumen a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico e social. En concreto, na USC a Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública, e na UVigo a Área de Economía Aplicada (Grupo GEN), conta con profesionais cunha gran experiencia e traxectoria profesional internacional no ámbito epidemiolóxico e de economía aplicada á saúde, respectivamente. A súa experiencia metodolóxica e científica de recoñecido prestixio internacional aporta un absoluto rigor, obxectividade e independencia a este proxecto, alleo a calquera outro interese que non sexa o estritamente científico, cunha garantía de ausencia de conflito de intereses.

- IV. Que é de interese común do Servizo Galego de Saúde, da USC e da UVigo a investigación no ámbito das Ciencias da Saúde como función básica de prestación dun servizo público á sociedade. Que a Consellería de Sanidade, e o seu organismo autónomo, o Servizo Galego de Saúde, veñen colaborando tradicionalmente coa Universidade de Santiago de Compostela e coa Universidade de Vigo, no desenvolvemento de actividades de interese común no ámbito da saúde, como pode ser o *Acordo de colaboración para a dotación de prazas de profesorado universitario en áreas de ciencias da saúde* ou o *Convenio de colaboración para a financiación da redacción do proxecto básico do complexo dotacional de edificios en ciencias da saúde (novo edificio para a facultade de medicina e odontoloxía)* ambos asinados o 30 de novembro de 2017, ou o *Convenio marco cuxo obxecto é contribuír a un marco de colaboración estable en materia de investigación entre o Servizo Galego de Saúde, a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Ramón Domínguez*, asinado o 25 de marzo de 2014, prorrogado por dous anos máis en data 23 de marzo de 2018, ou o *Convenio marco de colaboración entre a Axencia galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, a Universidade de Vigo e a Fundación Biomédica Galicia Sur* do 9 de maio de 2016.
- V. Os Sistemas de Información corporativos do Servizo Galego de Saúde son unha ferramenta de xestión que contribúen á mellora da calidade asistencial e dirixíranse a unha medición precisa de resultados en saúde. Esta gran tarefa entra na esfera da innovación organizativa na colaboración interadministrativa pública.

- VI. A Estratexia Sergas 2020, dentro do seu eixo estratéxico “Atención integral adaptada ás necesidades dos usuarios, pacientes, familiares e coidadores” enmarca as liñas de impulsar a xestión do coñecemento e a investigación e mellorar e reducir a variabilidade dos servizos. Pola súa parte, o eixo “Xestión Eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario”, enmarca a acción de dispoñer de sistemas de información adaptados ás necesidades dos pacientes e profesionais.

Por outra banda, o Servizo Galego de Saúde, dispón de distintos aplicativos e ferramentas informáticas que permiten obter tanto información sanitaria estruturada como non estruturada. O primeiro tipo de información é proporcionado, maioritariamente, polos diferentes sistemas de información de análise complexa e a información non estruturada realízase a través da plataforma *Big Data do Servizo Galego de Saúde* “Hexin”, que permite a explotación da información e xestión de datos clínicos e epidemiolóxicos e que se enmarca no ámbito da innovación en solucións de e-Health e na aposta pola dixitalización da información da saúde en Galicia.

Os sistemas de información referenciados contribúen á mellora da vixilancia epidemiolóxica e dos servizos asistenciais así como a dirixir as accións da xestión sanitaria, xa que permite determinar e cuantificar os resultados en saúde das intervencións da Administración Pública Sanitaria. Neste contexto, xorde a necesidade de avaliar os tratamentos e intervencións sanitarias non só en termos de eficacia senón tamén tendo en conta a efectividade e a eficiencia. É dicir, desenvolver estudos que axuden a comprender os resultados que sobre a saúde teñen as diferentes intervencións sanitarias na práctica clínica habitual (preventivas, curativas e/ou rehabilitadoras), co fin de mellorar a calidade asistencial sanitaria prestada e optimizar a utilización dos recursos dispoñibles.

- VII. A Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a USC e a UVigo teñen interese en desenvolver unha colaboración sólida na procura dunha investigación de excelencia que contribúa á implantación de melloras na xestión sanitaria, co obxectivo de optimizar a asistencia sanitaria proporcionada no Servizo Galego de Saúde e a calidade de vida dos pacientes así como axudar a implantar medidas que diminúan a morbimortalidade. Todas as partes son conscientes da importancia que ten encontrar estas sinerxias a través da colaboración interadministrativa en beneficio da sociedade.

- VIII. En base ao exposto, as partes firman de común acordo o presente convenio específico, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Constitúe o obxecto do presente acordo de colaboración o desenvolvemento dunha liña de traballo conxunto para implantar de forma efectiva un deseño metodolóxico que garanta obter resultados en saúde, consecuencia das intervencións asistenciais aplicadas. O proxecto dirixirase ás patoloxías de maior impacto asistencial e social e/ou máis prevalentes.

SEGUNDA. Especificacións técnicas do proxecto (contido e recursos)

1. A liña de traballo conxunto que se levará a cabo cumprirá con todos os requisitos técnicos e legais no que respecta a este tratamento de datos. Para o seu desenvolvemento contarase cos sistemas de información de análise complexas e a Plataforma de *Big Data* corporativa do Servizo Galego de Saúde denominada HEXIN.
2. A liña de traballo conxunta consistirá no deseño de estudos que permitan avaliar os tratamentos e intervencións sanitarias en termos de efectividade, seguridade e a eficiencia; o seu impacto na saúde dos cidadáns e na calidade asistencial. Estes estudos permitirán cuantificar con rigor e múltiples dimensións os resultados en saúde dos diferentes tratamentos ou intervencións sanitarias en patoloxías que pola súa prevalencia ou gravidade teñan especial interese sociosanitario e/ou que requiran un especial seguimento da efectividade das intervencións efectuadas. A abordaxe realizarase co deseño metodolóxico axeitado en función dos obxectivos establecidos, contándose coas fontes de datos e sistemas de información corporativos do Servizo Galego de Saúde así como coa análise estatística aplicada que corresponda. Para o seu desenvolvemento contarase cun grupo de investigadores expertos nos distintos campos que comprende este tipo de estudos (metodoloxía, epidemioloxía, economía da saúde, estatística, etc.) que pertencen ás tres institucións públicas.

TERCEIRA. Compromisos do Servizo Galego de Saúde

O Servizo Galego de Saúde comprométese a poñer a disposición os recursos humanos necesarios con experiencia no ámbito da xestión clínica e sanitaria, así como os medios tecnolóxicos que sexan precisos para a explotación, depuración e análise da información que corresponda, e que compartirá cos profesionais docentes da USC e da UVigo pertencentes ao grupo de traballo do ámbito do presente acordo.

As actividades ás que se refire o presente acordo levaranse a cabo cos recursos humanos, técnicos e materiais existentes, e non implicará custo económico para o Servizo Galego de Saúde nin require de dotacións orzamentarias específicas para a súa execución.

CUARTA. Compromisos da USC e da UVigo

A USC, a través da área de Medicina Preventiva e Saúde Pública, e a UVigo, a través da área de Economía Aplicada (Grupo GEN), porán a disposición os profesionais necesarios con experiencia internacional no campo da epidemioloxía e economía, respectivamente, comprometéndose ao longo da vixencia do presente acordo, a prestar eficaz e constante colaboración para que se poida acadar o obxecto do mesmo, e a cumprir coas directrices que emita o responsable do ficheiro en canto á utilización dos datos que se compartirán ao abeiro do presente acordo.

QUINTA. Compromisos conxuntos

Será o Servizo Galego de Saúde quen determinará a pertinencia dos estudos a abordar a través do presente acordo. Os criterios de selección rexeranse por razóns de impacto asistencial ou social, gravidade da enfermidade, efectividade da atención sanitaria ou por necesidades asistenciais.

Calquera publicación científica que poida derivar consecuencia da información analizada, así como dos resultados do proxecto obxecto do acordo, cumprirá coa normativa específica para este tipo de estudos e reflectirá a coautoría dos participantes das tres institucións públicas.

SEXTA. Non vinculación laboral

A subscrición do presente acordo específico non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e o Servizo Galego de Saúde, de maneira

que non se poderá esixir a este organismo responsabilidade ningunha directa, indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SÉTIMA. Propiedade intelectual

A propiedade intelectual derivada das accións precisas para a materialización do obxecto deste acordo estará suxeita ás disposicións legais vixentes na materia, en concreto, no Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e nos artigos 53 e seguintes da Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible.

OITAVA. Vixencia

O presente acordo estará vixente durante tres anos, desde o día seguinte ao da firma, podendo ser prorrogado, por anos naturais, por acordo expreso das partes manifestado con anterioridade á data da súa finalización, respectando os límites contemplados na letra h) do artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

NOVENA. Resolución anticipada

Serán causas de resolución do presente acordo, as seguintes:

1. O común acordo das partes firmantes do mesmo, que se reflectirá por escrito.
2. A imposibilidade, legal ou material, de dar cumprimento as súas cláusulas.
3. Incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
4. A vulneración do deber de confidencialidade sobre os datos de carácter persoal ou de calquera outra obrigaón derivada da lexislación de protección de datos de carácter persoal.

DÉCIMA. Coordinación e seguimento da colaboración

Aos efectos do seguimento do presente acordo constituirase unha Comisión Mixta de seguimento integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes. Dita Comisión Mixta ditará as súas normas internas de funcionamento, e reunirse nun prazo inferior a 1 mes dende que o solicite algunha das partes por escrito, e, en todo caso, cunha periodicidade dun ano.

A Comisión Mixta estará formada por:

- O xerente do Servizo Galego de Saúde, ou persoa en quen delegue, en representación do Servizo Galego de Saúde.
- O/a vicerreitor de Investigación e Innovación e/ou persoa en quen delegue, en representación da USC.
- O/a vicerreitor de Investigación e/ou persoa en quen delegue, en representación da UVigo.

DÉCIMO PRIMEIRA. Confidencialidade

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE así como no resto de lexislación vixente nesta materia, ambas as partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalos para usos diferentes aos previstos no mesmo, fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigacións subsistirán mesmo despois de finalizar as relacións negociables entre as partes.

DÉCIMO SEGUNDA. Xurisdición

Este acordo ten natureza administrativa. As dúbidas que se poidan formular sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola comisión de seguimento. Non obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

DÉCIMO TERCEIRA. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio específico de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervincentes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información

pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, firman o presente convenio específico, por cuatriplicado exemplar e en todas as súas páxinas, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Consellería de Sanidade
e o Servizo Galego de Saúde

Pola USC

Pola UVigo

Don Jesús Vázquez Almuíña

Don Antonio López Díaz

Don Manuel Joaquín
Reigosa Roger